

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE FEBREIRO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 10 de febreiro de 2020, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 5 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do servizo de Contratación
D^a Rosa María Otero Málvarez, vogal suplente da xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asiste aos puntos 2.a) e 4.a)

Secretaria: D^a. María Blanco Rodríguez, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI "VIGO VERTICAL" (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional - FEDER) (16737-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 4 de febreiro de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. UTE BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. e HTO ABOGADOS, S.L.P.
2. UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.
3. PENÍNSULA CORPORATE INNOVATION, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 06:47	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH42-CHBB3B-51A18D-CNSKUU-ZRMF1L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os tres licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. UTE BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. e HTO ABOGADOS, S.L.P.
 2. UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.
 3. PENÍNSULA CORPORATE INNOVATION, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de Vigozoo (8.962-612)

Tendo en conta que non se presentou ningunha proposición a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto aberto para a contratación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de Vigozoo (8.962-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de Vigozoo.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 21 de xaneiro de 2020, rematando o prazo de presentación de ofertas o 5 de febreiro.

Terceiro.- Consultada a plataforma de Contratos do Sector Público e segundo o indicado no o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 10 de febreiro de 2020



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 06:47	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH42-CHBB3B-51A18D-CNSKUU-ZRMF1L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



non se presentou ningunha proposición dentro do prazo de presentación de ofertas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- Establece o artigo 150.3 da LCSP que o órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación e non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

“A sensu contrario”, o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación ben cando no se teñan presentado ofertas, ben cando estas non sexan admisibles conforme aos pregos.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se constata na plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 10 de febreiro de 2020, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto aberto para a contratación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de Vigo (8.962-612) por non terse presentado ningunha proposición”.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI “VIGO VERTICAL” (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional - FEDER) (16737-77)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto de educación ambiental de Vigo (8.962-612)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2b propoñer declaralo deserto.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 06:47	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH42-CHBB3B-51A18D-CNSKUU-ZRMF1L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		